

**A REDE CEMIT DA XUNTA ORGANIZA UNHA XORNADA SOBRE A XESTIÓN ONLINE NA SEDE ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES DEPORTIVAS**

- **Está dirixida aos responsables dos clubs deportivos galegos para facilitarlles a actualización telemática dos seus datos no Rexistro de Entidades Deportivas**
- **A Amtega e a Secretaría Xeral do Deporte coordinan a xornada, que terá lugar o 9 de febreiro de 12:00 a 13.30 horas no CDTIC**
- **Poderá seguirse tamén por videoconferencia nas aulas CeMIT de 18 concellos de Galicia**

**Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2010.-** A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Secretaría Xeral para o Deporte organizan o 9 de febreiro a xornada “Faite dixit@I e tramita nun clic - Rexistro de Entidades Deportivas”, que se retransmitirá desde as instalacións do Centro Demostrador TIC Galicia, en Santiago de Compostela, e poderase seguir a través de videoconferencia nas aulas CeMIT de diversas localidades de Galicia en horario de 12:00 h a 13:30 h.

A Secretaría Xeral para o Deporte vén de emprazar a máis de 8.000 entidades deportivas de Galicia a actualizar a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia. Nas vindeiras semanas estas entidades deberán achegar online, a través da sede electrónica da Xunta, a documentación necesaria para cumprir o trámite.

O obxectivo da xornada, dirixida aos responsables dos clubs deportivos galegos, é facilitarlles as nocións básicas sobre o funcionamento da sede electrónica, clarear posibles dúbidas, difundir os servizos dispoñibles na sede e indicarlles as canles para obter máis información en caso de que a precisen durante a realización da xestión.

O enfoque da xornada será eminentemente práctico con exemplos sobre emprego dos diversos sistemas de identificación e sinatura dixital admitidos pola sede, incluído o sistema Chave365, que evita o uso do certificado dixital.

**Aulas CeMIT participantes na xornada**

As persoas interesadas en seguir esta xornada poden acercarse á aula CeMIT do Centro Demostrador TIC en Santiago de Compostela (<https://cdtic.xunta.gal/>) ou ben a calquera das aulas CeMIT das seguintes localidades, que mostraron o seu interese en retransmitir a través de videoconferencia a dita xornada e así poder evitar desprazamentos innecesarios:

Provincia	Concello	Enderezo da Aula CeMIT	URL GoogleMaps
A Coruña	Santiago de Compostela	Rúa de Airas Nunes, s/n-Conxo	<a href="http://bit.ly/2E5CIHn">http://bit.ly/2E5CIHn</a>
A Coruña	Abegondo	San Marcos, s/n,	<a href="http://bit.ly/2GOsp6N">http://bit.ly/2GOsp6N</a>
A Coruña	Ames	Praza de Chavián s/n	<a href="http://bit.ly/2nJxPY7">http://bit.ly/2nJxPY7</a>
A Coruña	Arzúa	Rúa Lugo, s/n	<a href="http://bit.ly/2nHaqrd">http://bit.ly/2nHaqrd</a>
A Coruña	Brión	Carballeira de Santa Minia, 2 -baixo	<a href="http://bit.ly/2nC9fca">http://bit.ly/2nC9fca</a>
A Coruña	Coruña, A	Rúa Terranova de Eirís, 7	<a href="http://bit.ly/2E0fehj">http://bit.ly/2E0fehj</a>

A Coruña	Narón	Praza do Concello, s/n	<a href="http://bit.ly/2nDJWH3">http://bit.ly/2nDJWH3</a>
A Coruña	Oroso	Rúa do Deporte, 9	<a href="http://bit.ly/2BZzL3A">http://bit.ly/2BZzL3A</a>
A Coruña	Ortigueira	Rúa Márquez Cortiñas s/n	<a href="http://bit.ly/2s75SyP">http://bit.ly/2s75SyP</a>
Lugo	Barreiros	Estrada da Praia, 1 – San Cosme	<a href="http://bit.ly/2BHbGTt">http://bit.ly/2BHbGTt</a>
Lugo	Carballedo	Praza Víctor Portomeñe Carballedo (Santa María)	<a href="http://bit.ly/2nJOWCJ">http://bit.ly/2nJOWCJ</a>
Lugo	Ribadeo	Casa da Xuventude - Antonio Otero, 15-2º andar	<a href="http://bit.ly/2E419ni">http://bit.ly/2E419ni</a>
Ourense	Bande	Casa do Concello, 1º andar - Rúa San Roque, 2	<a href="http://bit.ly/2EHK9jM">http://bit.ly/2EHK9jM</a>
Ourense	Celanova	Parque das Trigueirizas, s/n	<a href="http://bit.ly/2E4yWIP">http://bit.ly/2E4yWIP</a>
Ourense	Ourense	Rúa do Abrevadeiro 1	<a href="http://bit.ly/2EHhRpu">http://bit.ly/2EHhRpu</a>
Pontevedra	Cuntis	Casa do Médico - Circunvalación Don Aurelio, 65	<a href="http://bit.ly/2nHCJom">http://bit.ly/2nHCJom</a>
Pontevedra	Poio	Carreiro do Campo, 17	<a href="http://bit.ly/2BHtKge">http://bit.ly/2BHtKge</a>
Pontevedra	Pontevedra	Avenida Montero Ríos, s/n	<a href="http://bit.ly/2EdlapA">http://bit.ly/2EdlapA</a>
Pontevedra	Valga	Ferreirós, 1	<a href="http://bit.ly/2GM7OAd">http://bit.ly/2GM7OAd</a>

En total dispónse de máis de 260 prazas para asistentes, das que 25 están dispoñibles presencialmente na aula CeMIT no CDTIC en Santiago de Compostela e o resto para seguir por videoconferencia.

Pódese consultar os datos de contacto das aulas CeMIT na seguinte ligazón:  
<https://cemit.xunta.gal/centros>

### **A Rede CeMIT**

A Rede CeMIT (Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica), está integrada por 98 aulas, presentes en 92 concellos e 53 comarcas co obxectivo de promover o uso das novas tecnoloxías entre a poboación, con especial atención aos colectivos máis afectados pola fenda dixital, fomentar a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrar á peme e micropeme as vantaxes da sociedade da información.

Ademais do Plan de Formación, a Rede CeMIT desenvolve campañas de sensibilización e divulgación da importancia e beneficios das TIC entre a cidadanía, empresas e outros colectivos coa organización de charlas e conferencias. Paralelamente, a maioría dos centros da Rede contan co servizo de “aula aberta”, que posibilita o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento co apoio e asesoramento dun axente especializado.

A listaxe completa e a localización das aulas CeMIT poden ser consultados en:  
<http://cemit.xunta.es/centros>.

## **SAÚDOS, COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**